



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



Bases Xerais de Competición Béisbol y Sófbol 2018

Categoría Alevíns, Infantís e Cadetes



XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



ÍNDICE:

A. COMPETICIÓN OFICIAIS E CATEGORÍAS	3
1. COMPETICIÓN OFICIAIS ORGANIZADAS POLA FEGABESOF	3
2. CATEGORÍAS E IDADES	3
B. SOBRE OS CLUBES E XOGADORES	4
1. REQUISITOS PARA OS CLUBES	4
2. REQUISITOS PARA OS MEMBROS DO CLUBE	4
C. SOBRE A FÓRMULA DE COMPETICIÓN E A NORMATIVA ESPECÍFICA	7
1. ORGANIZACIÓN E SEGUIMIENTO	7
2. FÓRMULA DE COMPETICIÓN	8
3. DURACIÓN E TEMPO NOS ENCONTROS	12
4. CREACIÓN E MODIFICACIÓN DO CALENDARIO	15
5. PRÁCTICAS DE QUENTAMENTO	17
D. SOBRE O CAMPO E AS INSTALACIÓN DE XOGO	18
1. DOGOUT	18
2. TERREO DE XOGO	18
E. SOBRE O MATERIAL DE XOGO E A UNIFORMIDADE	21
1. MATERIAL DE XOGO	21
2. UNIFORMIDADE	22
F. SOBRE A ARBITRAXE E A ANOTACIÓN	23
1. ARBITRAXE	23
G. SOBRE O RÉXIME DISCIPLINARIO	24
1. ÓRGANOS DISCIPLINARIOS	24
2. SANCIÓN	25
H. SOBRE OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN, PATROCINADORES E PUBLICIDADE	27
1. MEDIOS DE COMUNICACIÓN	27
2. PATROCINADORES E PUBLICIDADE	28
I. OUTROS	28
J. ANEXO 1 :	29
1. RESUMO DAS COMPETICIÓN	29
2. FORMULA DE COMPETICIÓN	30
3. PELOTAS DE XOGO.	30



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



BASES XERAIS DE COMPETICIÓN 2018 **BÉISBOL E SÓFBOL.**

A. COMPETICIÓN OFICIAIS E CATEGORÍAS.

1. COMPETICIÓN OFICIAIS ORGANIZADAS POLA FEGABESOF:

- 1.1 Campeonatos Galegos de Sófbol Sala- B.
- 1.2 Ligas Galegas de Béisbol- A.
- 1.3 Copa Xunta de Galicia de Béisbol- A

2. CATEGORÍAS E IDADES:

	Calificación de los/as deportistas por categoría de acuerdo a su año de nacimiento PROGRAMA XOGADE 2012-2013													
Año Nac del 1 Ene al 31 Dic.	1998 Y anteriores	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011
SOFBOL MIXTO (jugadoras femininas)	senior	Sub 19	Sub 19	Sub 19	Sub 16	Sub 16	Sub 16	Sub 13	Sub 13	Sub 11	Sub 11	Sub 11	benxamin	benxamin
BEISBOL MIXTO (jugadores masculinos)	senior	senior	Sub 18	Sub 18	Sub 18	Sub 15	Sub 15	Sub 13	Sub 13	Sub 11	Sub 11	Sub 11	benxamin	benxamin

2.1. As licencias de sófbol son para as xogadoras femininas e as licencias de béisbol son para xogadores masculinos.

2.2. As xogadoras con licencias de sófbol poderá participar nas competicións de béisbol mixto, así mesmo, os xogadores de béisbol poderán participar nas competicións de sófbol mixto.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



B. SOBRE OS CLUBES E XOGADORES.

1. REQUISITOS PARA OS ESTAMENTOS INSCRITOS.

Poderán participar en competicións escolares tódolos clubs de Béisbol e Sófbol, Escolas Municipais, ANPAs, Agrupacións deportivas, Asociacións, Centros de Ensino, etc, para as competicións federadas as entidades deben estar rexistradas no FEGABESOF

1.1 Dispoñer como mínimo:

COMPETICIONS TIPO B (Sofbol Sala) :

- 1 Responsable por equipo
- 10 xogadores/as.

COMPETICIONS TIPO A

- 1 licenza de directivo por equipo (Tipo "A"),
- 1 de Delegado (Tipo "A1") por equipo,
- 1 de técnico (tipo "A2" ou "A3") por equipo,
- 12 de xogadores/as.

1.2 O equipo local é o responsable do orde público dentro do recinto no que se atope ubicado o terreo de xogo, antes, durante e despois de cada encontro.

2. REQUISITOS PARA OS MEMBROS DO CLUBE.

2.1 Mínimo de licencias

COMPETICIONS TIPO B :

- 1 Responsable por equipo
- 10 Xogadores/as Sófbol Sala, dados de alta na plataforma Xogade

COMPETICIONS TIPO A

- 1 de directivo por equipo (Tipo "A"),
- 1 de delegado (Tipo "A1") por equipo,
- 1 de técnico (tipo "A2" ou "A3") por equipo,



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



- 12 de xogadores/as , das cales 6 xogadores/as deben ser da categoría que se inscribe .

2.2 As 12 Licencias (Competicións Tipo A) obrigatorias mínimas deben obrar en poder da FEGABESOF quince días naturais antes do comezo da Competición na que se inscribe.

2.3 Ningún técnico, xogador, ou directivo poderá tramitar na mesma competición licencia con dous clubs distintos da mesma disciplina (Béisbol e Sófbol).

2.4 **O período de fichaxes** de xogadores comprenderá ata o mércores ás 21:00 antes da derradeira xornada da competición correspondente.

2.5 O equipo local designará, para cada encontro Federado, un **Delegado de Campo** (recoméndase que este en posesión de licencia federativa) que efectuará as funcións previstas neste Regramento, e poderá levar a cabo as funcións de árbitro ou anotador. (Ver Apartado F. Puntos 1 e 2).

2.6 O Delegado de Campo deberá atoparse no terreo e xogo alomenos media hora antes do comezo de cada encontro e non abandonará o mesmo ata que o Comisario Técnico ou, no seu defecto o árbitro principal, o autorice. Antes do encontro deberá presentarse e poñerse a disposición do Comisario Técnico (se o houbera), dos árbitros, do anotador oficial (se o houbera), e do equipo visitante.

2.7 O Delegado de Campo designado polo manager do equipo local poderá atoparse no banquillo, se ben non poderá estar participando no xogo activo como defensor, bateador, nin bateador designado. Así mesmo, tampouco poderá ser designado coma Delegado de Campo calquera persoa expulsada ou que se atope cumprindo algunha sanción deportiva.

Ver sancións no apartado G, punto 2, Artigo 2.5

2.8 **Para que un xogador poida ser alineado** axeitadamente por un equipo deberán cumprirse os seguintes requisitos:

a) Para competicións tipo A : que o xogador este inscrito regulamentariamente e en posesión da licencia federativa tramitada pola FEGABESOF a favor do equipo que o alínea, e para competicións tipo B : estar dado de alta na Plataforma Xogade

b) Que a tramitación federativa prodúzase dentro dos prazos previstos no calendario da competición, atendendo ó



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



oficialmente establecido. No caso de partidos suspendidos ou aprazados, soamente poderán alienarse axeitadamente os xogadores que na data prevista inicialmente no calendario oficial para a súa celebración estivesen en posesión da licenzia tramitada.

c) Que o xogador non se atope suxeito a sanción federativa que o inhabilite para xogar

e) Que o xogador non se atope inmerso en ningunha causa de restricción ou limitación prevista neste regramento ou outras normas federativas.

f) Calquera xogador poderá formalizar unha licenzia a favor dun equipo determinado, coas limitacións expostas neste regramento, distinto ó que pertenceu na tempada anterior, sempre que se atope libre de calquera compromiso regramentario co seu equipo de procedencia. No caso de que dito equipo probe documentalmente a existencia dalgún compromiso regramentario, poderá poñelo en coñecemento da FEGABESOF, que resolverá en consecuencia, seguindo o seu criterio, sen que proceda recurso algún contra a mesma.

g) Para que un xogador poida ser alineado nunha xornada, a súa solicitude de licenzia deberá obrar no poder da FEGABESOF antes das 21:00 do mércores desa semana de competición.

h) Un xogador incluído na relación de participantes dun equipo nunha competición oficial, que non houbera sido alineado (entendéndose como tal a súa intervención no xogo), poderá fichar na mesma tempada por outro equipo.

i) Un equipo poderá alinear (entendéndose como tal a intervención no xogo) tódolos xogadores estranxeiros que desexe.

2.9 Os equipos deberán presentalas súas alineacións ó anotador cunha antelación mínima de 15 minutos antes da hora oficial de comezo do encontro.

2.10 Nas competicións de béisbol de categoría cadete permítese a alineación de xogadores xuvenís de primeiro ano (2001) en calqueira posición nó turno ó bate e nó terréo de xogo.

2.11 Ó inicio do encontro figurarán no **“line up”** solo aqueles xogadores que se atopen nese intre presentes no terreo de xogo. A partir dese momento, para incorporar novos xogadores solicitarase o visto e praxe do equipo rival, e árbitro principal comprobarán a documentación (licenzia) de dito xogador. Os árbitros e anotadores teñen a obriga de comprobar que os xogadores que figuran no **“line up”** son os que se atopan no terreo de xogo.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



2.12 O adestrador é o responsable de dalos **cambios de posición ou substitucións** de xogadores ó árbitro principal e ó anotador. Ademais, deberán notificarse ditos cambios de posición ou substitucións ó anotador.

2.13 **Os equipos** serán totalmente solidarios na responsabilidade de cantas falsidades poidan figurar nas licencias dos seus xogadores, en canto ós seus datos persoais, aínda cando ditas licencias fosen legalizadas e rexistradas pola FEGABESOF.

2.14 **Técnicos:** Mínimo dunha licencia de categoría Territorial expedida pola Federación Galega de béisbol e sófbol. (Competicións Tipo A)

2.15 **Delegado de Equipo:** Mínimo dunha licencia (Competicións Tipo A)

2.16 **Directivos:** Mínimo dunha licencia por equipo (Competicións Tipo A)

**Nas competicións Tipo B é suficiente dar de alta a un responsable do equipo.*

C. SOBRE A FÓRMULA DE COMPETICIÓN E A NORMATIVA ESPECÍFICA.

1. ORGANIZACIÓN E SEGUIMIENTO:

1.1 **O Presidente** das Ligas Galega de Béisbol e de Sofbol, será o Presidente da Federación Galega de Béisbol e Sófbol (FEGABESOF).

1.2 **A Sede Oficial** da Comisión Delegada situarase na oficina da FEGABESOF: Avenida de Glasgow s/n, 15008, A Coruña. Teléfono: 981295491. Fax: 981294016. Debendo dirixirse á mesma tódolos asuntos relacionados coa Liga Galega de Béisbol categoría Infantil.

1.3 **A Organización e control da Competición** corresponde á FEGABESOF.

1.4 Para cada encontro dunha xornada, a FEGABESOF poderá designar un **Comisario Técnico** que actuará coma representante da Federación en dito encontro. Naqueles casos nos que non designe Comisario Técnico, asumirá as funcións o árbitro principal.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



1.5 O Comisario Técnico é o máximo responsable do cumprimento e a correcta aplicación dos Regramentos e do sinalado nestas Bases de Competición.

1.6 O Comisario Técnico recibirá do árbitro principal e do Anotador oficial, ó remate do encontro, a Acta orixinal e a folla de Anotación que deberá remitir de inmediato, por correo urxente ou entregándoo persoalmente ó día seguinte, na sede da Federación para a súa publicación.

1.7 **Os gastos** ocasionados polos desprazamentos dos Comisarios Técnicos e do persoal administrativo será por conta da FEGABESOF.

1.8 **O equipo local** será sempre o que xogue en casa figurando en primeiro lugar no Calendario oficial.

1.9 **O equipo visitante** será sempre o que xogue fora da casa figurando en segundo lugar no Calendario oficial.

2. FÓRMULA DE COMPETICIÓN:

2.1 A fórmula das Competicións de béisbol e sófbol:

a) La Comisión Delegada da federación gárdase o dereito de modificalo calendario no caso de que sexa preciso acurtala competición (facer unha soa volta), ou desenvólvela nun so fin de semana.

2.2 Si a fórmula de competición adoptada é a dobre volta, terán que estar xogados tódolos encontros da primeira volta, ademais de que os clubs estean ó corrente das súas obrigas económicas, antes de comezala segunda volta da competición.

2.3 **En caso de empate** entre dous ou máis equipos, considérase o resultado particular (solo victorias) entre eles, descartando deste xeito ó resto de equipos.

2.4 Se persistise o empate tras aplicalo previsto no artigo 2.3, do apartado C, do Título II, establecerase a clasificación definitiva seguindo os seguintes criterios:



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



- a) Número de carreiras en contra nos xogos disputados entre si, o equipo con menos carreiras en contra clasificará primeiro e así sucesivamente.
- b) Número de carreiras en contra en tódolos xogos da competición, o equipo con menos carreiras en contra clasificará primeiro e así sucesivamente.
- c) Número de carreiras limpas permitidas entre os equipos empatados.
- d) Sorteo a cara ou cruz.

2.5 Ningún encontro pode finalizar empatado. Para iso, xogaranse tantas entradas adicionais coma sexa preciso para desfacelo empate. (Béisbol)

2.6 A FEGABESOF reservase a Competencia de decidir en cada tempada as Normas Específicas a seguir, en base as perspectivas de participación de Clubes e Seleccións en Campionatos de España. Polo tanto, seguirase o artigo determinado pola Circular correspondente que será publicada antes das Competicións Oficiais.

2.7 Normas Específicas con “BATING TEE”:

✚ Xogarse con “Bating Tee”, situado detrás do home plate polo tanto a posición de lanzador terá as mesmas funcións que o resto de xogadores do infield.

✚ O receptor será o encargado de colocala pelota no soporte de Bateo.

✚ A situación do Bating Tee detrás do home plate implica que será o home de diante o que haberá que pisar ou tocar nas diferentes situacións de xogo. O Bating Tee considérase un simple soporte e polo tanto as xogadas en home deben excluílo.

✚ Nas tres primeiras entradas batean os oito- nove xogadores/as co seguinte orde:

✚ Na primeira entrada comeza bateando o primeiro xogador do orde ó bate (batean do 1 ó 8 en competicións indoor e do 1 ó 9 nas competicións exteriores).

✚ Na segunda entrada comeza bateando o cuarto/terceiro xogador do orde ó bate (do 3 ó 2 en competicións indoor e do 4 ó 3 nas competicións exteriores).

✚ Na terceira entrada comeza bateando o sétimo/sesto xogador do orde ó bate (do 6 ó 5 en competicións indoor e do 7 ó 6 nas competicións exteriores)

✚ Cando o noveno bateador en Beisbol o octavo en Sofbol destas tres entradas comparece ó bate, enténdese que hai dous eliminados. Co terceiro eliminado cambian os equipos á defensiva e á ofensiva.

✚ Se unha vez completado o turno ó bate do noveno bateador a bola quedase morta pola aplicación das normas de xogo, concederáse ós corredores as bases ás que teñan dereito e despois darase por finalizada a entrada.

✚ En calquera caso, cando o noveno o octavo bateador finaliza o seu turno darase por finalizada a entrada, aínda que so houbese dous outs.

✚ Nas seguintes entradas (4ª, 5ª, 6ª, e adicionais) batean ata que haxa tres eliminados ou se anoten cinco carreiras.

✚ Considerase strike cando: o bateador/a fai swing sen golpear nin pelota nin bating tee, a bola sae de foul ball, o bateador/a golpea o Batingtee.

✚ Considérase foul ball cando: o bola golpeada polo bateador no swing sae fora do campo, e cando o bateador golpea o bating tee no seu swing.

✚ Despois de segundo strike, permitiranse un máximo de **dous foul balls**.

✚ Non está permitido o toque de bola nin o robo de base. Se un corredor sae da base antes de que o bateador golpee a bola estará eliminado. Os corredores, polo tanto, so poderán avanzar en bases despois dun batazo ou dun tiro con error.

2.8 Normas Específicas con MÁQUINA DE BATEO O COACH:

✚ A máquina situarase a 12 metros (sófbol) ou 14.03 metros (béisbol), dentro dun círculo de 3 metros de diámetro o redor da máquina de lanzar, chamado “zona libre”. Diante da máquina, dentro da zona libre, colocarase unha protección de malla.

✚ A velocidade á que se programará a máquina será de 40 millas/h ou 64 km/h. Para conseguir dita velocidade o Control dixital ou Dial-a-pitch da máquina colocarase na posición 60.

✚ A pelota oficial determinarase na circular complementaria.

✚ Nas tres primeiras entradas batean os oito/nove xogadores/as co seguinte orde:

■ Na primeira entrada comeza bateando o primeiro xogador do orde ó bate (batean do 1 ó 8 en competicións indoor e do 1 ó 9 nas competicións exteriores).

■ Na segunda entrada comeza bateando o cuarto/terceiro xogador do orde ó bate (do 3 ó 8 en competicións indoor e do 4 ó 9 nas competicións exteriores).



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



- Na terceira entrada comeza bateando o sétimo/sexto xogador do orde ó bate (do 6 ó 5 en competicións indoor e do 7 ó 6 nas competicións exteriores).
- ✚ Cando o oitavo/noveno bateador destas tres entradas comparece ó bate, enténdese que hai dous eliminados. Co terceiro eliminado cambian os equipos á defensiva e á ofensiva.
- ✚ Se unha vez completado o turno ó bate do oitavo/noveno bateador a bola quedase morta pola aplicación das normas de xogo, concederáse ós corredores as bases ás que teñan dereito e despois darase por finalizada a entrada.
- ✚ En calquera caso, cando o oitavo/noveno bateador finaliza o seu turno darase por finalizada a entrada, aínda que so houberse dous outs.
- ✚ Nas seguintes entradas (4ª, 5ª, 6ª, e adicionais) batean ata que haxa tres eliminados ou se anoten cinco carreiras.
- ✚ Despois de segundo strike, permitiránse un máximo de **dous foul balls**.
- ✚ Non está permitido o toque de bola nin o roubo de base. Se un corredor sae da base antes de que o bateador golpee a bola estará eliminado. Os corredores, polo tanto, so poderán avanzar en bases despois dun batazo ou dun tiro con error.
- ✚ O árbitro do encontro será o único encargado de colocala pelota de xogo na máquina de lanzar.
- ✚ Calquera pelota bateada que quede dentro do círculo (zona libre) ou golpee a malla protectora ou a máquina de lanzar, será bola morta e a bateadora conseguirá unha base. Se hai corredores en base tamén avanzarán unha base.
- ✚ Calquera pelota tirada que caia dentro do círculo será bola morta. Se hai corredores en base avanzarán unha base.
- ✚ No caso dunha avaría na máquina ou de que o home club non a posúa, o adestrador de cada equipo será o responsable de lanzar ós seus bateadores cun lanzamento en forma de molino, por debaixo do brazo. Así mesmo, non será preciso ter malla protectora e o adestrador no poderá intervir no xogo.

2.9 Normas Específicas con LANZADOR:

- ✚ Xogarase con Lanzador que se situará na Goma do Pitcher, dentro do círculo, e executará o lanzamento en forma de Péndulo, por riba do brazo nas competicións de béisbol e en forma de moliño, por debaixo do brazo nas competicións de sófbol.
- ✚ As competicións con lanzador/a serán de categoría infantil ou superior, aínda que nelas poderán participar tamén os xogadores alevíns.
- ✚ Nos partidos de categoría infantil, con lanzador/a:



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



- Só poderan lanzar ata un máximo de 9 outs por partido.
 - Para alevíns que xoguen partido da categoría infantil poderán lanzar ata un máximo de 3 outs por partido.
 - Só permítese lanzar rectas e o cambio.
 - As normas dos lanzadores tamén se aplicarán en partidos de entradas extras.
 - Un pitcher infantil que actúe na súa categoría non poderá lanzar na categoría superior o mesmo día.
 - Un pitcher infantil que actúe na categoría superior (cadete) farao con as limitacións propias da súa idade, en relación ao número de lanzamentos permitidos.
 - Máximo de carreiras nunha entrada será de cinco.
 - Se permite o robo de bases
 - Se permite o toque de bola
 - Non se permite o uso de tacos metálicos e spykes.
 - Non se decretara "balk"
- ✚ Os corredores non se poderán separar da base ata que o bateador conecte coa pelota ou a mesma chegue á altura do home. (**Ver sanción no Apartado G, Punto 2, Artigo 2.9**)
- ✚ Para os lanzadores nados no ano 2004 ou anteriores (infantís de primeiro ano e alevíns) a goma de lanzar situácese a 14,54 metros
- ✚ Para os lanzadores nados no ano 2003 (infantís de segundo ano) a goma de lanzar se situase a 15,54 metros.
- ✚ Os lanzadores de categoría cadete só poderán lanzar un máximo de 12 outs por partido.

3. DURACIÓN E TEMPO NOS ENCONTROS:

3.1 Tódolos encontros de categoría alevín **xogaranse a cinco entradas ou a unha hora e 30 minutos.**

3.2 Tódolos encontros de categoría infantil **xogaranse a seis entradas ou a dúas horas.**

3.3 Tódolos encontros de categoría cadete en exterior **xogaranse a sete entradas, cunha duración máxima de dúas horas e media.** Tódolos encontros de categoría cadete en interior **xogaranse a sete entradas, cunha duración máxima de dúas horas.**

3.4 Todo partido darase por finalizado pasada a hora, a hora e media, as dúas horas ou as dúas horas e media segundo o caso, salvo no caso de que o equipo local (home club) leve vantaxe no marcador ó iniciarse o peche da entrada. En ningún caso iniciárase a



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



seguinte entrada cando falten 10 minutos para a finalización do tempo regramentario.

3.5 Ningún encontro pode rematar empatado, nas competicións de Béisbol e Sófbol se superan as entradas ou o tempo regramentario, disputarase un Desempate- Morte súbita- Tie Breaker. (Ver artigo 3.7)

3.6 Seguirase a “Regra de vantaxe de carreiras”, na que darase por finalizado o encontro se hai unha diferenza de :

CATEGORIA ALEVIN:

15 carreiras ó finalizada la 3º entrada
10 carreiras ó finalizada la 4º entrada

CATEGORIA INFANTIL:

15 carreiras ó finalizada la 3º entrada
10 carreiras ó finalizada la 4º entrada

CATEGORIA CADETE SOFBOL:

15 carreiras ó finalizada la 3º entrada
10 carreiras ó finalizada la 4º entrada
07 carreiras ó finalizada la 5º entrada

CATEGORIA CADETE BEISBOL:

15 carreiras ó finalizada la 4º entrada
10 carreiras ó finalizada la 5º entrada

En caso de producirse un HOME RUN POLO AIRE contasen todas as carreiras impulsadas ademais da do bateador- corredor.

3.7 **Tie breaker:** Se un encontro remate empatado despois das entradas ou do tempo regramentario, procederase coma segue: Sitúase no bate o xogador que segue despois do último turno, na segunda base o xogador anterior no orde o bate, e xógase con un out. Despois de tres outs ou cinco carreiras (en alevíns e infantís) cambian os equipos a ofensiva e á defensiva e procédese do mesmo xeito.

3.8 **Normas obrigatorias para acelerar os encontros:**

a) Os xogadores, adestradores e guías, deberán entrar e saír do terreo de xogo correndo. Á primeira transgresión, o adestrador será advertido verbalmente polo árbitro principal. Na segunda vez será amoestado oficialmente e á terceira vez será expulsado do terreo de xogo, non podendo permanecer no banquillo (dogout).



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



b) O cambio de posición no campo entre os equipos á ofensiva e á defensiva, levarase a cabo nun tempo máximo de sesenta segundos. Pasado ese tempo, o árbitro principal tomará posición detrás do pitcherr disposto a reanudalo encontro inmediatamente.

c) Se dez segundos despois do tempo límite para o cambio de posición no campo (sesenta segundos) despois da última eliminación da fase precedente, o equipo á defensiva está preparado pero o bateador no tomou posición no caixón de bateo, o árbitro principal indicará o primeiro strike. Cando nos dez segundos sucesivos seguintes a esta decisión, o bateador no tomara posición no caixón, indicará o segundo strike. Á terceira vez sucesiva, indicará o terceiro strike e o bateador será eliminado.

d) Cando, tanto o equipo á defensiva como o bateador no estean a punto para reanudalo xogo, despois do tempo límite de sesenta segundos dende a última eliminación da fase precedente, a primeira vez o árbitro principal advertirá verbalmente ós adestradores dos equipos. A segunda vez, os amoestará oficialmente, e a terceira vez os expulsará do terreo de xogo, non podendo permanecer no banquillo (dogout).

e) O bateador debe permanecer no caixón de bateo ó menos que pida "Tempo", e o árbitro crea que a petición é razoable. Só neste caso o árbitro concederá tempo.

f) Cando un bateador batea un "home run", os membros do equipo non poderán tocalo bateador ata despois de que cruce o "home plate". O incumprimento desta regra suporá un aviso, e se este feito repítese, o bateador será eliminado.

g) Ós equipos se lles permitirá un máximo de tres "Reunións ofensivas" e outras tres "Reunións defensivas" por partido. Estas prodúcense cando un adestrador demora o partido por calquera período de tempo para falar cun xogador baixo a cuberta indo ó "home plate", ou para falar con outro adestrador. Se o partido alárgase con entradas extras, permitirase unha Reunión ofensiva e outra defensiva adicional por cada tres entradas extras.

h) Reitérase ós árbitros a obriga de cumprir escrupulosamente o disposto nestas Bases Xerais de Competición, referentes á aceleración da duración dos encontros.

i) Os árbitros deberá impedilo atraso inxustifico no desenrolo do xogo, causado pola infracción dun defensor ó devolvela pelota ó receptor ou por algún diálogo entre eles. Á primeira infracción o defensor será advertido verbalmente, á segunda vez será amoestado oficialmente, e a terceira vez será expulsado do terreo de xogo.

j) Para reemprendelo xogo, despois dun batazo "foul ball" ou despois de que a pelota saia do terreo de xogo, o árbitro principal imporá o uso unha pelota das que obran no seu poder,



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



evitando que sexa inmediatamente empregada a pelota que saíu de “foul ball” ou que saíu do terreo de xogo.

k) Un encontro no poderá interromperse por tempo superior a tres minutos por causa de lesión dun xogador que este no xogo. Pasado este prazo de tempo, o xogador deberá ser cambiado por outro. Calquera simulación de lesión por parte dun xogador, suporá a inmediata expulsión deste.

4. CREACIÓN E MODIFICACIÓN DO CALENDARIO:

4.1 La Comisión Delegada da FEGABESOF elaborarán os **Calendarios** da Tempada Oficial de Xogo, que serán aprobados pola Secretaria Xeral para o Deporte no caso das competicións tipo B.

4.2 Os Comités técnicos de béisbol e sófbol da FEGABESOF poderán **modificar os calendarios**, cando as circunstancias así o xustifiquen.

4.3 Tódolos encontros deben xogarse nas datas sinaladas no calendario oficial, o cal non poderá alterarse salvo por casos de forza maior e excepción de carácter xeral acordada ó aprobarse ou modificarse este.

4.4 Non se poden **aprazar encontros** previstos no calendario oficial, salvo en casos de forza maior (*ver artigo 4.11 deste punto*), previa autorización da FEGABESOF, que deberá recibila solicitude por escrito (email de cada un dos equipos implicados) antes do mércores da semana do partido ás 21.00 horas. Dita solicitude debe conter a aceptación do cambio por parte dos equipos contrarios e unha proposta de nova data e horario para os encontros, sen que ditos cambios afecten de ningún xeito ó Calendario establecido. No caso de que as partes no se puxeran de acordo, será a FEGABESOF a que sinale o día e hora do encontro a disputar sen posibilidade de facer ningún cambio.

4.5 Se na xornada a aprazar participan máis de dous equipos, o clube solicitante do aprazamento deberá presentar tantos formularios como equipos implicados no cambio.

4.6 Tanto o equipo local como os equipos visitantes farán todo o posible para evitalas suspensións de encontros por causa de choiva ou mal estado do terreo de xogo.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



4.7 Cando os equipos se atopen no campo para dar comezo o encontro, serán estes os responsables de suspendelo partido se consideran que a climatoloxía ou o mal estado do terreo de xogo fan inviable a celebración do mesmo.

4.8 No caso de que o equipo local constate con antelación que a climatoloxía ou o mal estado do terreo de xogo impedirán a disputa do encontro, deberá avisar ós equipos visitantes como mínimo catro horas antes da hora sinalada para comezalo encontro. Neste caso, será club local o encargado de mediar para elixir outra data alternativa, e deberá chamar á Federación para avisar dos cambios acordados. No caso de que non haxa acordo entre os clubs para escoller unha data alternativa, a FEGABESOF obrará coma se indica no *punto 4.4 desde apartado*.

4.9 No caso de que non se avise con suficiente antelación ós equipos visitantes, tódalas partes deberán persoarse no terreo á hora sinalada para o comezo do encontro, e serán os equipos implicados os encargados de Suspendelo encontro se constatan que a climatoloxía ou o mal estado do terreo de xogo impiden a celebración do mesmo.

4.10 A FEGABESOF terá a competencia para aprazar ou suspender calquera encontro, variar a súa hora de comezo ou aprazar ou suspender parcial ou definitivamente a propia competición en calquera intre, cando as circunstancias así o aconsellen, para velar polo bo funcionamento da mesma ou para evitar maiores prexuízos.

4.11 **Os Casos de forza maior** e excepción de carácter xeral son os seguintes:

- a) Condicións climatolóxicas moi adversas que impidan a práctica do béisbol.
- b) Estado do terreo de xogo impracticable para a práctica do béisbol.
- c) Non disposición da instalación por parte do club local por mor dunha circunstancia allea a súa vontade. Neste caso será imprescindible a presentación na FEGABESOF dun certificado da Autoridade Competente conforme dito club non dispón na data e horario marcado polo calendario o terreo de xogo, e o motivo de tal circunstancia.

4.12 Unha vez establecido o calendario da competición enténdese contraída a obriga de cumprilo mesmo por parte de tódolos Clubs inscritos.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



4.13 Pasados cinco minutos (se o equipo non presentado é da mesma provincia) ou quince minutos (se o equipo é doutra provincia) da hora oficial sinalada para o comezo do encontro, o árbitro principal declarará **Forfeit** ó equipo que non se atope no terreo de xogo nas condicións regulamentarias (ver *Apartado E: Sobre o Material de xogo e a uniformidade*) para dar comezo o partido. (Ver sanción no **Apartado G. Punto 2. Artigo 2.2**)

4.14 Se un equipo preséntase a xogar despois de que o árbitro houbera declarado Forfeit, pero antes de que o equipo contrario e os propios árbitros houberan abandonado o terreo de xogo, o encontro xogarase se as razóns do retraso enmárcanse dentro dos seguintes casos:

a) Retrasos nos horarios de Transportes públicos. Deberá presentarse ó árbitro principal o certificado firmado e selado pola compañía de Transporte conforme produciuse dito retraso.

b) Retrasos motivados por un accidente (non avaría) dun vehículo particular ou de aluguer, ou por accidente ou avaría dun autobús de servicio discrecional. Tamén neste caso deberán presentar ó árbitro principal un certificado da autoridade competente (Garda civil de tráfico, etc.).

5. PRÁCTICAS DE QUENTAMENTO:

5.1 **Práctica de bateo:** O equipo local disporá do terreo de xogo durante 15 minutos, dende unha hora antes da hora oficial de comezo do encontro. O equipo visitante disporá igualmente de 15 minutos, dende 45 minutos antes da hora oficial de comezo do encontro.

5.2 **Práctica de cadro:** O equipo local disporá do terreo de xogo durante 10 minutos, dende media hora ata vinte minutos antes da hora oficial de comezo do encontro. O equipo visitante disporá igualmente de 10 minutos, dende 20 minutos ata 10 minutos antes da hora oficial de comezo do encontro.

5.3 No caso de que se disputen varios encontros seguidos, haberá alomenos media hora entre partidos para que os equipos poidan organizalos seus quentamentos.

5.4 **Os últimos dez minutos** anteriores á hora oficial de comezo do encontro, empregaranse sempre para o acondicionamento do terreo de xogo, remarcar de liñas, etc.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



5.5 Cando non sexa posible empregalos horarios de prácticas de quentamento que se indican nos puntos anteriores, sempre a criterio do Clube local, non se efectuará a práctica de bateo e se levará a cabo soamente a práctica de cadro, de xeito que o encontro iníciase sempre co menor retraso posible sobre a hora oficial de comezo do mesmo.

5.6 En ningún caso retardarase ou variará o horario das prácticas de quentamento por ausencia ou retraso de calquera dos equipos participantes que, por dito motivo, perderan o seu dereito ás prácticas previstas dentro do horario desaproveitado.

D. SOBRE O CAMPO E AS INSTALACIÓNS DE XOGO.

1. DOGOUT.

1.1 O equipo local situará o seu dogout á altura da 3ª Base, e a tres metros, aproximadamente, da liña de foul. O equipo visitante o fará a altura da 1ª Base e a tres metros da liña de foul. Marcarase claramente a zona onde está situado o banquillo de xogadores, con liñas brancas no terreo de xogo. Excepto nos casos polas características da instalación e previa autorización da Comisión Delegada, adecúense ditas distancias á instalación.

1.2 Os Dogouts deberán conter a lo menos un banco para os equipos.

1.3 Sómente poderá permanecer no dogout os titulares de licencia en vixencia, expedida pola FEGABESOF: xogadores, técnicos, delegados, e auxiliares, do equipo que deba empregalo mesmo.


1.4 Está terminantemente prohibido o uso de tabaco en calquera das súas formas (cigarros, tabaco de mascar, etc.) nos dogouts e sobre o terreo de xogo, por tratarse dunha práctica altamente nociva.

1.5 Os árbitros velarán en todo momento polo cumprimento destas normas. (Ver sanción no Apartado G. Punto 2. Artigo 2.4)

2. TERREOS DE XOGO.

2.1 Unicamente poderán celebrarse encontros oficiais en campos inscritos a nome dos clubs, ben da súa propiedade ou cedidos en aluguer, ou de corporacións ou organismos públicos, sempre que foran homologados pola FEGABESOF, previo recoñecemento ou comprobación das súas condicións técnicas e regramentarias para o xogo. No seguinte debuxo amosamos as distancias que deben ter os campos de xogo para as **competicións oficiais alevíns, infantís e cadetes de sófbol, béisbol:**

Distancias de **sófbol sala** de tódalas categorías :



- ✚ O terreo de xogo será un pavillón cerrado por paredes, deixando a grada principal na liña de terceira.
- ✚ Distancia entre bases: 18,29 metros.
- ✚ Distancia da máquina de lanzar ó home: 12 metros.
- ✚ Distancia da goma do pitcher ó home : 12,19 metros (sófbol cadete).
- ✚ Distancia do home ó back stop: mínimo de 4,00 metros e máximo de 7,00 metros.

Distancias para as competicións de **béisbol alevín:**

- ✚ Do Home á valla do outfield: mínimo 50-60-50 metros.
- ✚ Distancia entre bases: 18.29 metros.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



- ✚ Distancia da goma do pitcher ó home: 14.03 metros.
- ✚ Distancia do home ó back stop: mínimo 6,00 metros.

Distancias para as competicións (Tipo A) de béisbol infantil con máquina :

- ✚ Do Home á valla do outfield: mínimo 69-84-69 metros..
- ✚ Distancia entre bases: 22,86 metros
- ✚ Distancia da goma do pitcher ó home: 15,24 metros
- ✚ Distancia do home ó back stop: mínimo 9,00 metros.

Distancias para as competicións (Tipo A) de béisbol infantil con lanzador :

- ✚ Do Home á valla do outfield: mínimo 69-84-69 metros.
- ✚ Distancia entre bases: 22,86 metros.
- ✚ Distancia da goma do pitcher ó home: 15,24 metros.
- ✚ Distancia do home ó back stop: mínimo 9,00 metros.

Distancias para as competicións de (Tipo A) béisbol cadete:

- ✚ Do Home á valla do outfield: 94 metros.
- ✚ Distancia entre bases: 27.43 metros.
- ✚ Distancia da goma do pitcher ó home: 18.44 metros.
- ✚ Distancia do home ó back stop: 18 metros.

Distancias para as competicións de sofbol cadete:

- ✚ Do Home á valla do outfield: 67 metros.
- ✚ Distancia entre bases: 18,29 metros.
- ✚ Distancia da goma do pitcher ó home: 12 metros.
- ✚ Distancia do home ó back stop: 7,62 metros

2.2 Non se autorizará ningún terreo de xogo de superficie notablemente irregular, que sexa pedregoso, que teña algún obstáculo no seu interior, ou con calquera outro defecto que prexudique o normal desenvolvemento de xogo ou poida constituír perigo para os que o empreguen.

2.3 Queda totalmente prohibido que nos terreos de xogo entre animais de calquera clase.

2.4 Cando no terreo de xogo concorran condicións especiais, o equipo local terá que comunicar por escrito, antes de iniciarse a competición, á FEGABESOF, as regras especiais que rexerán o



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



mesmo. Igualmente deberán comunicar calquera construción ou modificación que se introduza nos mesmos durante a tempada de xogo.

2.5 Non é obrigatorio que as bases, a goma de lanzador, nin o home plate se atopen cravados no chan, pero si é necesario que a zona onde se ubican as bases e o home plate estean marcados.

2.6 O Bating Tee sitúase fora do campo, detrás do Home plate, polo que os caixóns de bateo tamén se situarán máis atrás, acordes coa posición do soporte de bateo.

2.7 As Bases poden ser planas e de calquera cor.

2.8 É obrigatorio pintalos círculos de bateo, os caixóns, as liñas de foul, o back-stop (no caso de que no haxa), e as zonas de bases.

2.9 É obrigatorio ter bancos para que se senten os equipos nos Dogouts.

2.10 Non é necesario que o campo este pechado por unha valla, pero si debe estar marcado de xeito visible con conos ou similar.

2.11 Recoméndase ter un Back-stop, no caso de non telo haberá que delimitalo campo nesa zona cunha liña ou sinal.

2.12 O equipo local é o responsable de que o terreo de xogo se atope en perfectas condicións de uso antes do comezo do encontro, así como do seu arranxo, remarcación das liñas, etc durante o mesmo, a requirimento do árbitro principal ou do equipo visitante. (Ver sanción no Apartado G. Punto 2. Artigo 2.6)

2.13 Durante o transcurso dunha tempada, queda terminantemente prohibido alterar as medidas do terreo de xogo declaradas ó inicio da mesma, salvo por causas de forza maior aceptada pola FEGABESOF.

E. SOBRE O MATERIAL DE XOGO E A UNIFORMIDADE.

1. MATERIAL DE XOGO:

1.1 A Pelota de xogo oficial para cada unha das competicións e categorías será a determinada na circular técnica correspondente.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



1.2 O equipo local é responsable de facilitar ó árbitro principal as pelotas coas que se xogará o encontro, debendo presentar tres bolas novas ou en bo estado antes de comezalo encontro para alevíns, infantís e cadetes de sófbol, e 5 para cadetes de béisbol (**Ver sanción no Apartado G. Punto 2. Artigo 2.3).**

1.3 Autorízase o uso de bates metálicos habituais no comercio e de marcas coñecidas, con expresa prohibición da manipulación de bates. Calquera alteración dun bate suporá a perda do encontro por parte do equipo que o empregou, aínda que non sexa este o responsable da manipulación.

1.4 Todo o bate de béisbol será redondo, con radio constante, e a área de contacto coa pelota deberá ser lisa.

A lonxitude máxima será de 42" e o diámetro máximo da maza será de 2¼" en competicións infantís e alevíns e de 2¾" en competicións cadetes (1" = 2,54 cms.)

Un bate non poderá pesar menos de nove onzas do que mide en pulgadas (por exemplo, se mide 32" non poderá menos de 29 onzas) para as competicións cadetes, e sen limitación de peso para as competicións infantís e alevíns (1 oz. = 28,35 grs.)

1.5 Os árbitros retirarán do xogo os bates que resulten alterados polo seu uso, que estean rotos, dobrados, curvados, etc. (**Ver sanción no Apartado G. Punto 2. Artigo 2.3).**

1.6 O adestrador é o responsable do material de xogo do seu equipo, que deberá atoparse en todo momento no interior do Dogout. (**Ver sanción no Apartado G. Punto 2. Artigo 2.3).**

1.7 É obrigatorio que o Bateador e os xogadores corredores en bases, empreguen o casco protector de dobre orejera.

1.8 Os xogadores deberán empregar "coquilla" de protección. Se ben este elemento non é obrigatorio recoméndase moi encarecidamente o seu uso.

1.9 Os Receptores deberán empregar obrigatoriamente tódolos seus elementos protectores: careta, peto, chingalás e casco protector.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



1.10 En categoría alevín, infantil e cadete de sófbol non se permitirá o uso de spikes metálicos, se ben autorízase o uso de multitacos de béisbol-sófbol ou botas de fútbol se tacos metálicos.

2. UNIFORMIDADE:

2.1 En tódolos encontros esixirase que os participantes vaian uniformados como segue: Camiseta do mesmo cor con dorsal na espalda.

2.2 O uniforme de xogo empregado polos equipos non poderá variar durante a competición, debendo indicarse o que se empregará nos partidos como local, e nos partidos fora da casa na correspondente folla de Inscripción do Clube nas Competicións.

2.3 Os equipos deben incluír no orde ó bate de cada encontro o número de uniforme ou dorsal de tódolos xogadores, que non poderá variar nos encontros da mesma xornada, así como a posición no terreo de xogo, o número de licencia, o nome, e o primeiro apelido.

2.4 O xogador que se sitúe como receptor para realizalo quentamento co lanzador se o houbese, deberá empregar alomenos, a careta de receptor, como medida de seguridade.

F. SOBRE A ARBITRAXE.

1. A ARBITRAXE:

1.1 Tódolos encontros das **Competicións galegas tipo B** (alevíns, infantís e cadetes) serán arbitrados por a lo menos un membro do Clube Local

1.2 Os encontros de **Competicións galegas tipo A** (alevíns, infantís e cadetes) serán arbitrados por a lo menos un árbitro pertencente o Colexio Galego de Árbitros de Béisbol (COGAB).

1.3 Aínda sendo competencia do COGAB o nomeamento dos árbitros e a designación dos postos que deberán ocupar en cada encontro, a Comisión Delegada establecerá cada tempada os criterios xerais a seguir para a súa designación nesa competición, tendo en conta o número e ubicación xeográfica dos equipos participantes,



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



número de árbitros en cada provincia con Clubes inscritos na Competición, etc.

1.4 Os Árbitros, tanto oficiais coma non oficiais, deberán cumprir e facer cumprir estrictamente todo o previsto nestas Bases Xerais de Competición.

1.5 Os poderes do Árbitro comezan no intre de chegar ás instalación onde se atopa o terreo de xogo, e non rematan ata que as abandona, conservándoas, por tanto, durante as interrupcións e suspensións, se as houbera.

1.6 Os árbitros gardarán ós directivos, adestradores, delegados, xogadores e auxiliares, a consideración e ríspeto acorde a súa autoridade. Por ningunha causa nin pretexto, os árbitros poderán dirixirse ó público.

1.7 O Árbitro principal será o responsable de cubrir de maneira exacta e completa a Acta de cada encontro. O orixinal deberá ser entregado durante a semana seguinte na Oficina da FEGABESOF.

1.8 Na acta oficial, no apartado de amonestacións, expulsión e observacións, escribirá as posibles infraccións por parte dalgún afiliado á FEGABESOF, e será o encargado de remitila acta orixinal durante a semana seguinte na oficina da FEGABESOF.

1.9 É obrigatorio en cada encontro a comprobación da identidade dos participantes por medio da seguinte documentación: Ficha carné elaborado pola FEGABESOF ou de XOGADE, Documento Nacional de identidade, Pasaporte, Carné de Conducir (só en caso de españois), Tarxeta de Identidade ou Residencia. Tamén estará permitida una fotocopia compulsada de calquera dos documentos anteriores.

1.10 Se carece de calquera deste documentos, o participante só será autorizado a intervir no encontro se é persoalmente recoñecido ou identificado polo Comisario Técnico ou por un dos árbitros do mesmo. Neste caso, farase constar na Acta Oficial do Encontro dita situación coa firma do interesado. **(Ver sanción no Apartado G. Punto 2. Artigo 2.7).**

1.11 O árbitro principal poderá, se considera axeitado, retelos documentos identificativos durante o encontro, devolvéndoo en calquera caso ó finalizalo mesmo.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



G. SOBRE O RÉXIME DISCIPLINARIO.

1. ÓRGANOS DISCIPLINARIOS.

1.1 **O Comité de Competición** das Competicións oficiais estará constituído por un Xuíz único nomeado pola Xunta Directiva da FEGABESOF.

1.2 **O Xuíz Único** terá tódalas atribucións e dereitos que se establecen nestas Bases Xerais de Competición e no Regramento de Réxime Disciplinario, e atenderá a tódolos feitos que se produzan antes, durante e despois dos encontros, en relación cos mesmos e por aplicación do disposto nas Regras Oficiais de Xogo, nestas Bases Xerais de Competición e no Regramento de Réxime Disciplinario.

1.3 O Xuíz único emitirá os seus fallos en función do contido das Actas dos Encontros, dos informes dos Comisarios Técnicos, Árbitros oficiais, Delegados, equipos (cando proceda), e Comisión Delegada, podendo ter en conta ademais todos aqueles aspectos que considere relevantes seguindo as circunstancias de cada caso. O Xuíz Único poderá actuar de oficio ou a instancia de parte.

1.4 A Acta do encontro, ademais dos informes dos equipos e Árbitros consideraranse a estes efectos, a providencia de apertura de expediente sancionador, tendo un prazo de DOUS DÍAS HÁBILES, contados dende a data da mesma, para facer chegar ó Xuíz Único (por medio da FEGABESOF), as alegacións que estime oportunas para defender os seus intereses.

1.5 Os fallos do Xuíz Único será comunicados inmediatamente ás partes interesadas e terán efecto executivo, é dicir, de obrigada aplicación, sen prexuízo dos recursos que puideran derivarse dos mesmos.

1.6 Os fallos do Xuíz Único poderán recorrerse ante o **Comité de Apelación** da FEGABESOF, nomeado ó efecto pola Xunta Directiva da FEGABESOF.

1.7 O Procedemento a seguir nos recursos ante o Comité de Apelación da FEGABESOF, é o mesmo e contén os mesmos prazos que o sinalado para os Recursos ante o Xuíz Único (*artigos 1.3, 1.4, e 1.5*).



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



1.8 Contra os fallos do Comité de Apelación da FEGABESOF, poderá recorrerse ante o **Comité Galego de Disciplina Deportiva** da Xunta de Galicia.

2. SANCIONES.

2.1 Sen prexuízo das sancións que poidan aplicarse de conformidade co Regramento de Réxime Disciplinario da FEGABESOF, os participantes que sexan expulsado polos árbitros, por calquera motivo que non sexa a dobre amoestación, non poderán participar na seguinte xornada.

2.2 **Sancións por Forfeit** (*Apartado C. Punto 4. Artigos: 4.13, e 4.14*):

COMPETICIONS TIPO A

a) A primeira vez: O equipo que non se presenta (forfeit), deberá ingresar na conta corrente que, a tal fin dispuxo a FEGABESOF, a cantidade de 12€, debendo xustificar dito ingreso na Sede da FEGABESOF antes das 21.00 do mércores seguinte ó partido oficial no que se declarou por parte do árbitro o "Forfeit".

b) Doble incomparecencia: Se os dous equipos son declarados "non presentados" polo árbitro principal, procederáse con ambos, como nos casos anteriores, pero permanecendo como último beneficiario do importe total ingresado por ambos equipos a FEGABESOF.

COMPETICION TIPO B:

Ou equipo que non se preséntase (forfeit), perderá o encontro ,cun resultado en contra de :

- CATEGORIA ALEVIN E INFANTIL 0 A 6
- CATGORIA CADETE 0 A 7.

2.3 **Sancións por faltas no material oficial** (*Apartado E. Punto 1. Artigo: 1.2, 1.4, 1.3 e 1.5*):

a) Se un encontro non puidera xogarse ou tivera que suspenderse por falta de pelotas reglamentarias, o equipo local será sancionado coma si se tratase de non presentación (*Artigo 2.2 deste punto*).

b) Se un encontro tivese que suspenderse por falta de pelotas reglamentarias despois de que o equipo local entregase o mínimo delas novas, se lle dará por perdido o encontro por 9 carreiras



a 0, pero non se lle descontará ningún average na primeira vez que lle suceda.

c) Se un equipo volve empregar un Bate que xa foi retirado nun encontro polo árbitro, por estar alterado, sufrirá a perda do partido.

d) Se o material de xogo non se atopa dentro do Dogout, o adestrador será amonestado. Se esta norma segue sen cumprirse ó longo do partido, o adestrador será expulsado.

2.4 Sancións por estancia no Dogout de persoas sen licenza en vixencia de xogador, técnico, ou auxiliar do equipo infractor (*Apartado D. Punto 1. Artigo 1.5*): Inmediata expulsión do infractor.

2.5 Sancións por Incumprimento dalgunha norma referente ó Delegado de Campo (só en competicións tipo A) (*Apartado B. Punto 2. Artigos 2.5, 2.6, e 2.7*): Sanción de 12€ ó clube infractor cada vez que suceda.

2.6 Sancións por incumprimento no coidado e preparación do terreo de xogo por parte do equipo local (só en competicións tipo A) (*Apartado: D. Punto 2. Artigos 2.7, 2.8, 2.9, 2.10, 2.11, 2.12, 2.13 e 2.14*).

Será sancionado con multa de 12€ a 60€ e, se o encontro non puidera celebrarse ou non puidera continuarse por causas imputables á negligencia do equipo local, este será sancionado como si se tratase de non presentación (*Artigo 2.2 deste punto*).

a) Casos leves, 12€: Cando o equipo local non cumpra a súa obriga de remarcalas liñas durante o partidos, e cando entren animais no terreo de xogo.

b) Casos graves, 30€: Cando o equipo local non teña o campo nas condicións reglamentarias para comezalo encontro na hora prevista, ou que o incumprimento das súas obrigas supoña algún tipo de alteración nos dereitos do equipo visitante (prácticas de quentamento, etc.).

c) Casos moi graves, 60€: Cando o equipo local modifique as distancias do terreo de xogo sen permiso da FEGABESOF.

2.7 Sanción por non presentación de documentación acreditativa (só en competicións tipo A) (*Apartado F. Punto 1. Artigo 1.10*): O xogador deberá aboar a cantidade de 6€ na conta da FEGABESOF, antes do venres previo á seguinte xornada.

2.8 Sanción por incumprimento dun corredor (*Apartado C. Punto 2. Artigo 2.9*) da norma de xogo de non saír da base antes de que o bateador contacte coa bola ou esta chegue á altura do



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



home. Tamén, no caso de que se prohíba roubar ou tocar terá a mesma sanción: Eliminación do corredor ou do bateador no segundo caso.

H. SOBRE OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN, PATROCINADORES E PUBLICIDADE.

1. MEDIOS DE COMUNICACIÓN:

1.1 Pola importancia que teñen as competicións galegas de béisbol en si mesmas, e polo interese adicional que supón para difundilo Béisbol e Sófbol entre o público en xeral, a FEGABESOF coidará moi especialmente a información relativas ás competicións, facilitando ós Medios de Comunicación, toda a documentación que se precise.

1.2 Recoméndase ós equipos participantes que presten ós Medios de Comunicación a maior atención posible, en beneficio común, facilitando ademais á FEGABESOF, canta información consideren de interese para difundila publicamente.

2. PATROCINADORES E PUBLICIDADE:

2.1 Os equipos participantes nas Competicións Oficiais organizadas pola FEGABESOF, poderán estar directamente patrocinados por un ou varios Patrocinadores, tendo en conta as seguintes condicións:

a) Cada equipo participante poderá empregar, ademais do nome do Clube ó que pertence, a maiores ou incluso substituíndo a aquel, un nome ou marca publicitaria que non poderá variar en toda a competición.

b) Autorízase a publicidade nos uniformes, que deberán corresponder ó nome ou marca publicitaria, e será única para toda a competición.

I. OUTROS.

1. En ningún caso, a FEGABESOF responsabilízase dos accidentes que, por calquera causa, puideran suceder ós participantes e/ou ós espectadores durante o transcurso da competición.

2. Todo o previsto nestas Bases de Competición ten prioridade sobre calquera outro Regramento.



FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



3. A Comisión Delegada ten a máis ampla facultade para a interpretación destas bases e poderá, en caso de entendela necesario, dictalas normas complementarias que considere oportunas para o mellor desenrolo da competición.

4. A Inscripción nas Competicións Oficiais da FEGABESOF en categoría cadete supón a total aceptación destas Bases de Competición por parte dos participantes.




J.ANEXOS:

2. RESUMEN DAS COMPETICIONS :

Do mesmo xeito que o ano anterior, o obxectivo das Competicións Tipo B é permitir a participación dun gran número de colexios, equipos e clubs nas competicións, xa que estamos a falar de deporte escolar. Polo tanto, a fórmula de competición debe ser o máis sinxela posible para permitir ós equipos que comezan poder participar.

En canto ás Competicións Tipo A, o seu obxectivo é permitir ós clubs con máis traxectoria competir a maior nivel e prepararse para participar en campionatos de España cunha normativa igual ou moi similar ás bases de competicións da RFEBS.

Organización de competicións:





FEDERACIÓN GALEGA
DE BÉISBOL E SÓFBOL
Avda. De Glasgow nº 13
15008 – A CORUÑA
Tfno: 981 295491
Mail: info@fegabe.com
V-15255003



3. FÓRMULA DE COMPETICIÓN:

COMPETICIONS TIPO B			
	ALEVÍN	INFANTIL	CADETE
SÓFBOL SALA	Batingtee	Máquina- coach	Lanzador/a

COMPETICIONS TIPO A			
	ALEVÍN	INFANTIL	CADETE
BÉISBOL	Lanzador/a o Monitor/a	Lanzador/a	Lanzador

4. PELOTAS DE XOGO:

COMPETICIONS TIPO B			
	ALEVÍN	INFANTIL	CADETE
SÓFBOL SALA	Benson soft 11"	Benson soft 11"	Benson soft 12"

COMPETICIONS TIPO A			
	ALEVÍN	INFANTIL	CADETE
BÉISBOL	Benson soft 9"	Benson LGB1- 9"	Benson LGB1- 9"